

## **Pero de Armea**

### Rubrica

Com gram coita sol nom posso dormir,  
nem vejo rem de que haja sabor,  
e das coitas do mund'e a maior  
sofro de pram e nom posso guarir,  
vedes porquê: porque nom vej'aqui  
a mia senhor, que eu por meu mal vi.

Querendo-lhi bem, sofri muito mal  
e muit'afã des que foi mia senhor  
e muitas coitas polo seu amor  
e ora viv'em gram coita mortal;  
vedes porquê: porque nom vej'aqui  
a mia senhor, que eu por meu mal vi.

Quando m'eu dela parti, log'entom  
houvi tal coita que perdi meu sem  
bem três dias que nom conhoci rem;  
e ora moir'e faço gram razom;  
vedes porquê: porque nom vej'aqui  
a mia senhor, que eu por meu mal vi.

[cantigas-stag.square-bit.com](http://cantigas-stag.square-bit.com)

© 04/02/2026